



## IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL

### EDLG

#### CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL

#### “ESTAMOS CONTIGO”

#### QUE TEÑO QUE FACER?

1. Deseñar unha postal de Nadal, tamaño A4, empregando materiais como pinturas, acuarelas, rotuladores, etc., ou ben deseñándoa dixitalmente e logo imprimíndoa.
2. No interior da postal deberás escribir unha mensaxe ou carta dirixida a algún destinatario ou algunha destinataria. Trátase dunha mensaxe de gratitude dirixida a algunha entidade ou persoa que consideres que poida ser merecedora de tal agradecemento. Por exemplo, elixir unha residencia de anciáns, e dedicarlle unhas palabras de ánimo e acompañamento; un hospital, ou centro de saúde, e transmitir unha mensaxe de esperanza e forza; un supermercado, ou mesmo unha pequena tenda do teu barrio, e darlle as grazas por estar aí, o teu antigo colexio, ou mesmo un familiar ou amigo que sabes que o está a pasar mal. Desde Zalaeta queremos transmitirlle á comunidade a mensaxe de “estamos contigo”. O EDLG encargárase de facer chegar a túa postal ao seu destino.
3. Lingua en que se redactará o texto: galego.
4. Na postal ten que figurar: nome, apelidos e curso do autor ou da autora.
5. A postal ten que ser enviada dentro dun sobre, no cal aparecerá o enderezo ao que vai dirixida:
  - Nome e apelidos/Institución/Establecemento/Persoa destinatario da postal.
  - Enderezo completo: rúa, número, código postal, concello.

#### CATEGORÍAS DO CONCURSO

1. ESO.
2. Bacharelato e ciclos formativos.
3. Profesorado.



## PRAZO E LUGAR DE ENTREGA

Atoparás tres caixas do correo na entrada do instituto, unha para cada categoría. Poderás entregar as túas postais ata o día 9 de decembro, inclusive.

## CAL É O PREMIO?

A ANPA do instituto elixirá, para cada categoría, a postal gañadora. Estas postais empregaranse para felicitar o Nadal desde a web e as redes sociais do instituto.

Aínda así, calquera que desexe participar terá o mellor premio: a satisfacción e ledicia da persoa destinaria da súa postal ao recibila.



*#ZalaetaCaraAdiante*

*#ConDistanciaPeroXuntos*